

O CEMITERIO MUNICIPAL DE SAN FROILÁN



O Cemiterio Municipal de San Froilán do Concello de Lugo, relativamente moderno, data do ano 1948, se ben conserva construcións procedentes do anterior Cemiterio municipal que, tras o seu peche, foi trasladado a este.

Aínda que nin a súa magnitude nin o seu patrimonio histórico artístico o sitúan ao mesmo nivel que as grandes necrópoles europeas, con todo, tampouco é posíbel catalogalo como un cemiterio vulgar: a súa harmoniosa distribución, o seu enclave único e estratéxico, a beleza das súas tumbas, panteóns e monumentos funerarios que, en gran parte, foron trasladados dende o antigo Cemiterio municipal, fan que o noso camposanto adquira un grande interese, tanto para a cidade coma para os seus visitantes.



Como dato curioso podemos indicar que está construído sobre unha necrópole megalítica, e nas súas inmediacións consérvanse tres túmulos ou “mámoas”, aínda sen escavar.

Foi construído polo arquitecto Eloy Maquieira, un dos principais representantes da arquitectura racionalista en Galicia, deixando rastro deste estilo na racionalidade esencial da súa distribución.

Conta cunha superficie de 61.000 m², cercada por 1 km de muro de pedra, á que hoxe habería que engadir a correspondente á zona ampliada cun total de 55.730 m² máis as zonas de servizos.

Son as súas construcións funerarias as que lle confiren o seu carácter singular. Moitas delas, procedentes do antigo Cemiterio municipal dende o cal foron trasladadas, datan de mediados do S. XIX, tales coma, o **Panteón de García Abad**, cóengo da Catedral de Lugo, posteriormente beatificado, que fora sufragado mediante unha colecta popular.



Trátase dunha construción arquitectónica que responde ao exemplo de arquitectura funeraria francesa tendo o seu homólogo no Cemiterio de Bordeos. No seu conxunto predomina a proporción, o bo gusto e o acertado da combinación de elementos decorativos orixinarios de distintos estilos e épocas.

Tamén do ano 1863 data un dos **Panteóns máis emblemáticos** do noso Cemiterio de estilo neogótico, construído a finais do reinado de Isabel II por unha familia emigrante que ó seu regreso, investiu deste modo os seus aforros procedentes do novo mundo.



Outro dos monumentos de importancia cos que conta é a denominada Cruz dos Soldados Repatriados (1898), erixido en homenaxe aos soldados españois que participaron na Guerra de Cuba e que regresaron maltreitos para finar en España.



Esta construción garda un paralelismo evidente con outras construcións funerarias similares, como é o monumento aos Mártires de Carral (A Coruña) ou a Cruz Funeraria do Cemiterio de Dullins (Rhone-Francia).

E tampouco podemos deixar de falar dos múltiples elementos arquitectónicos que, instalados nas tumbas, salpican o camposanto de numerosos puntos de interese e confírenlle a súa riqueza cultural e o seu carácter singular, destacando



nalgúns casos a minuciosidade do traballo en detalles significativos como un rosario, unha coroa de flores, a candidez da infancia, en outros a grandiosidade, en

outros a antigüidade ou a creatividade de escultores e canteiros .

Neste sentido, destaca tamén a abundancia en todo o recinto de anxos, nas súas diversas manifestacións, pedindo silencio, anunciando coa

súa trompeta o xuízo final ou expresando desolación e dor, infundindo de paz e de esperanza á aflicción que acompaña á morte.



Tampouco podemos esquecer o aspecto máis actual do Cemiterio municipal de San Froilán, reflectido na zona nova, ampliada no ano 1998 e que veu dar a nota de modernidade.



Nela, deuse acollida ás tendencias atuais orientadas cara a incineración, habilitando un espazo específico para o depósito das cinzas, nun contorno aconfesional que chama ao recollemento e á meditación.

É o denominado “Xardín das Lembranzas” ou xardín do recordo presidido polo Memorando, pirámide que representa

unha vela ao vento na cal se reflicte o transcórrecer da vida.

Á parte da riqueza cultural e arquitectónica que encerra este Cemiterio, está o encanto e a intimidade que se respira nel.



En efecto, non foron en vano os esforzos realizados nos últimos anos que se dirixiron a salpicar o recinto de pequenos detalles íntimos, encamiñados a captar a sensibilidade das súas persoas visitantes a fin

de lograr un cambio na súa conceptualización, incrementando a súa aceptación e integración na vida social e converténdoo nun lugar de paz e reencontro, de recordo, de memoria histórica, de historias infinitas colectivas e individuais,

alimentadas polas emocións, pola dor, pola esperanza, e pola resignación que acompañan a cada unha delas e que alí se atesouran.

A instalación de poemas, de frases de esperanza, que se sortean entre as flores e os arbustos, constitúen os denominados “puntos de paz”, onde as persoas visitantes conseguen harmonizar os seus sentimentos e lograr a calma interior necesaria para superar a perda dos seus seres queridos e reencontrarse coa súa historia inmediata.



A iso contribúe, tamén, a celebración de concertos de música clásica e de recitais de poesía de tan boa acollida entre a poboación.



As visitas históricas guiadas que, dende o ano 2010 se veñen realizando no recinto e que foron postas en marcha no último ano, tamén contribuíron a espallar e a introducir un novo concepto de cemiterio, mais integrado na sociedade, en plena competencia coa imaxe trágica e tenebrosa de que historicamente o connotaron.

